

DOMINGO V DE CORESMA

34.-

PRIMEIRA LECTURA

Daréivo-lo meu Espírito e viviredes

Lectura do libro do profeta Ezequiel 37, 12-14

Isto di o Señor Deus:

—«Velaí que eu vou abri-las vosas sepulturas,
e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo,
e vouvos levar á terra de Israel.

Recoñeceredes que eu son o Señor,
cando eu abra as vosas sepulturas,
e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo.

Vou poñer en vós o meu espírito
e vouvos facer revivir na vosa terra.

Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago
—é o Señor quen fala—.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 129, 1-2. 3-4ab. 4c-6. 7-8 (R.: 7)

R.: Do Señor vén a misericordia,
e nel a redencion é cumprida.

Desde os abismos clamo a ti, Señor;

Señor, escoita a miña voz.

Ten atentos os oídos

á voz da miña súplica. R.

Se levas conta dos pecados, Señor,

Señor, ¿quen poderá terse en pé?

Mais en ti está o perdón

para te faceres respectar. R.

Eu espero no Señor,
a miña alma espera na súa palabra;
a miña alma agarda ó Señor,
máis do que os vixías á aurora. **R.**

Agarde Israel ó Señor,
pois do Señor vén a misericordia
e nel a redencion é cumprida.
El é quen redime a Israel
de tódolos pecados. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Espírito de quen resucitou a Xesús de entre os mortos habita en vós

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos **8, 8-11**

Irmáns:

Os que viven conforme a condición carnal, non poden agradar a Deus.

Pero vós non vivides conforme a carne, senón conforme o espírito, se é que o Espírito de Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo.

Pero se Cristo está en vós, o voso corpo certamente está morto por culpa do pecado, mais o espírito é vida por causa da xustiza.

Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo Xesús dos mortos, vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

Palabra do Señor.

Versículo Xn 11, 25a. 26

Eu son a resurrección e a vida, di o Señor;
quen cre en min non morrerá endexamais.

EVANXEO

Eu son a resurrección e a vida

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 11, 1-45

Naquel tempo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta, caera enfermo. María fora a que unxira ó Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos; o seu irmán Lázaro era o enfermo. Por iso, as irmás mandaron a dicirlle a Xesús:

—«Señor, mira, o que amas está enfermo.»

Ó oílo, dixo Xesús:

—«Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.»

Xesús queríaalles moito a Marta, á irmá dela, e mais a Lázaro. Anque oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. Despois disto, díxolles ós discípulos:

—«¡Vaíamos outra vez a Xudea!»

Os discípulos respondéronlle:

—«Mestre, aínda non hai nada que te querían apedra-los xudeus, ¿e vas ir outra vez alí?»

Xesús replicou:

—«¿Non hai doce horas de día? Se alguén camiña de día, non tropeza, pois ve a luz deste mundo; mais se alguén camiña de noite, tropeza, pois non hai luz nel.»

En dicindo isto, proseguiu:

—«Lázaro, o noso amigo, dorme; pero eu vouno espertar.»

Dixéronlle entón os discípulos:

—«Señor, se dorme, curará.»

Xesús dicíao da morte. Pero eles coidaban que falaba do repouso do sono. Entón Xesús díxolles abertamente:

—«Lázaro morreu, e alégrome por vós de non estarmos alí, para que creades. ¡Así que vamos onda el!»

Díxolles entón Tomé —o chamado Xemelgo— ós outros discípulos:

—«¡Vaíamos tamén nós morrer con el!»

Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro. Betania estaba preto de Xerusalén, a uns tres

quilómetros; moitos dos xudeus foran onda Marta e María para lles daren o pésame polo irmán. Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ó encontro. María, en cambio, quedou na casa.

Díxolle entón Marta a Xesús:

—«Señor, se ti estiveses aquí non morrería meu irmán; pero eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.»

Xesús díxolle:

—«Teu irmán resucitará.»

Marta respondeulle:

—«Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.»

Díxolle Xesús:

—«Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. ¿Cres ti isto?»

Ela respondeu:

—«Si, Señor: eu creo que ti e-lo Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ó mundo.»

E, ditas estas cousas, saíu e chamou por María, súa irmá, dicíndolle polo baixo:

—«O Mestre está aquí e chámate.»

Ela, ó oílo, ergueuse de contado e foi onda el. (Aínda non chegara Xesús á aldea, senón que estaba no mesmo sitio onde o atopara Marta.) Entón os xudeus que estaban con ela na casa para lles daren o pésame, vendo a María que se ergueu de contado e saíu, foron detrás dela, coidando que ía á sepultura para chorar alí. María chegou onde estaba Xesús e, ó velo, caeu ós seus pés, dicíndolle:

—«Señor, se ti estiveses aquí, non morrería meu irmán.»

Ó ver Xesús que ela estaba chorando, e tamén os xudeus que viñeran con ela, apretóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

—«¿Onde o puxestes?»

Contestáronlle:

—«Señor, ven ver.»

E Xesús botouse a chorar.

Entón comentaban os xudeus:

—«¡Ai que ver como o quería!»

Pero algúns deles dixeron:

—«E logo este, que deu vista ós ollos dun cego, ¿non podía facer que non morrese?»

Xesús, estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova e tiña unha pedra por riba.

Xesús ordenou:

—«Arredade a pedra.»

Marta, a irmá do finado, díxolle:

—«Señor, xa cheira, que leva catro días.»

Xesús contestoulle:

—«¿Non che dixen que se cres, vera-la gloria de Deus?»

Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:

—«Meu Pai, douche gracias porque me escoitaches. Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches.»

E dito isto, gritou con voz forte:

—«¡Lázaro, ven para fóra!»

Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario. Xesús ordenoulles:

—«Desenleádeo e deixádeo ir.»

Entón, moitos dos xudeus que viñeran onda María, vendo o que fixo, creron nel.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

11, 3-7. 17. 20-27. 33b-45

Naquel tempo, as irmás de Lázaro mandaron a dicirlle a Xesús:

—«Señor, mira, o que amas está enfermo.»

Ó oílo, dixo Xesús:

—«Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.»

Xesús queríaalles moito a Marta, á irmá dela, e mais a Lázaro. Anque oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. Despois disto, díxolles ós discípulos:

—«¡Vaiamos outra vez a Xudea!»

Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro.

Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ó encontro. María, en cambio, quedou na casa.

Díxolle entón Marta a Xesús:

—«Señor, se ti estiveses aquí non morrería meu irmán; pero eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.»

Xesús díxolle:

—«Teu irmán resucitará.»

Marta respondeulle:

—«Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.»

Díxolle Xesús:

—«Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. ¿Cres ti isto?»

Ela respondeu:

—«Si, Señor: eu creo que ti e-lo Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ó mundo.»

A Xesús, véndoos chorar, apretóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

—«¿Onde o puxestes?»

Contestáronlle:

—«Señor, ven ver.»

E Xesús botouse a chorar.

Entón comentaban os xudeus:

—«¡Ai que ver como o quería!»

Pero algúns deles dixeron:

—«E logo este, que deu vista ós ollos dun cego, ¿non podía facer que non morrese?»

Xesús estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova, e tiña unha pedra por riba.

Xesús ordenou:

—«Arredade a pedra.»

Marta, a irmá do finado, díxolle:

—«Señor, xa cheira, que leva catro días.»

Xesús contestoulle:

—«¿Non che dixeron que se cres, vera-la gloria de Deus?»

Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:

—«Meu Pai, douche gracias porque me escoitaches. Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches.»

E dito isto, gritou con voz forte:

—«¡Lázaro, ven para fóra!»

Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario. Xesús ordenoulles:

—«Desenleádeo e deixádeo ir.»

Entón, moitos dos xudeus que viñeran onda María, vendo o que fixo, creron nel.

Palabra do Señor.

DOMINGO DE RAMOS NA PAIXÓN DO SEÑOR

37.-

PROCESIÓN DAS PALMAS

EVANXEO

Bendito o que vén no nome do Señor

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 21, 1-11

Cando se aproximaban a Xerusalén e chegaron a Betfagué, ó pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á aldea que tendes aí de fronte, e de seguida atoparedes unha burra atada e un burriño con ela; ceibádeos e traédeos. Se alguén vos pregunta algo, respondédeslle que lle fan falta ó Señor, e que de seguida llos mandará de volta.»

Isto sucedeu para que se cumprise o que fora dito polo profeta:

«Dicídelle á filla de Sión:

“Velaí o teu Rei que vén onda ti,
humilde e montado nunha burra,
nun burro, fillo de animal de carga”.»

Foron os discípulos, e fixeron o que Xesús lles mandara. Trouxeron a burra e mailo burriño, botáronlle enriba os mantos, e Xesús montou. Moita xente estendeu os mantos no camiño; outros cortaron ponlas das árbores, e estendéronas tamén no camiño. E a xente que ía diante e mailos que o seguían gritaban:

—«¡Hosanna ó Fillo de David! ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Hosanna nas alturas!»

E ó entrar en Xerusalén, toda a cidade conmovida preguntaba:

—«¿Quen é este?»

A xente respondía:

—«Este é o profeta Xesús, o de Nazaret de Galilea.»

Palabra do Señor.

MISA

A misa deste domingo ten tres lecturas, e é moi recomendable que se lean as tres, a non ser que algún motivo pastoral aconselle o contrario.

Dada a importancia da lectura da historia da paixón do Señor, o sacerdote, tendo en conta a índole peculiar de cada asemblea en concreto, poderá ler, se é necesario, unha soa das dúas lecturas que preceden ó evanxeo, ou ben ler unicamente a historia da paixón, incluso na forma máis breve.

Estas normas só teñen aplicación nas misas celebradas coa participación do pobo.

PRIMEIRA LECTURA

**Non apartei a miña cara das increpacións,
pero sei que non quedarei confundido**

(Terceiro Canto do Servo do Señor)

Lectura do libro do profeta Isaías 50, 4-7

O Señor Deus concedeume lingua de discípulo,
para saber instruí-lo cansado
cunha palabra que o anime na mañá.

El espreguiza pola mañá o meu oído
para escoitar coma discípulo.

O Señor abriu o meu oído,
e eu non me rebelei, non me botei para atrás.

Ofrecín o lombo ós que me azoutaban,
e a miña cara ós que me arrincaban a barba.

Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas.
Pero o Señor axudame, por isto non me sinto avergonzado,
e poño a miña cara coma un diamante,
pois sei que non me avergonzarei.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 21, 8-9. 17-18a. 19-20. 23-24 (R.: 2a)

R.: Meu Deus, meu Deus, ¿por qué me abandonaches?

Tódolos que me ven fan burla de min,
torcendo os labios, movendo a cabeza:
«Confiou no Señor, que El o libre,
que El o salve, se é que o ama.» R.

Rodéanme mandas de cans,
cércame un fato de malvados,
tradearon as miñas mans e os meus pés,
e podo conta-los meus ósos. R.

Reparten os meus vestidos
e botan ás sortes o meu manto.
Pero ti, Señor, non esteas lonxe;
ti e-la miña forza, ven axiña axudarme. R.

Eu falareilles de ti ós meus irmáns,
loareite no medio da asemblea.
Servidores do Señor, loádeo,
liñaxe de Xacob, glorificádeo,
liñaxe de Israel, temédeo. R.

SEGUNDA LECTURA

Humillouse a si mesmo, por iso Deus exaltouno

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 2, 6-11

Irmáns:

Cristo Xesús, con ser de condición divina,
non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus;
senón que se espiu do seu rango,
e asumiu a condición de escravo,
feito en todo semellante ós homes.

Presentándose coma un home calquera,
abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte,
e á morte na cruz.

Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
 e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome,
 para que ó nome de Xesús se dobre todo xeonllo
 no ceo, na terra e mais no abismo,
 e toda lingua proclame que Xesús Cristo é o Señor
 para gloria de Deus Pai.

Palabra do Señor.

Versículo Flp 2, 8-9

Cristo abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte,
 e á morte na cruz.
 Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
 e lle concedeu un nome que está por riba de todo outro nome.

EVANXEO

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Mateo

26, 14—27, 66

¿Canto me dades se volo entrego?

C. Naquel tempo, un dos Doce, chamado Xudas Iscariote, foi
 onda os sumos sacerdotes e díxolles:

S. —«¿Canto me dades se volo entrego?»

C. Eles acordaron darlle trinta moedas de prata. E desde entón
 andaba buscando o momento axeitado para llelo entregar.

¿Onde queres que che preparémo-la Pascua?

C. No primeiro día dos Ácimos os discípulos fóronlle preguntar
 a Xesús:

S. —«¿Onde queres que che preparémo-la cea pascual?»

C. El respondeu:

+ —«Ide á cidade, á casa de fulano e dicídelle: “O Mestre di: O
 momento está preto; vou celebra-la Pascua cos meus discípulos na
 túa casa.”»

C. Os discípulos fixeron tal como Xesús lles mandara e prepara-
 ron a Pascua.

Un de vós me vai entregar

C. Chegado o solpor, púxose á mesa cos Doce. E mentres ceaban díxolles:

+ —«Asegúrovos que un de vós me vai entregar.»

C. Moi tristes, empezaron a preguntarlle un por un:

S. —«¿Non serei eu, Señor?»

C. El respondeu:

+ —«Un que meteu comigo a man no prato, ese entregárame. O Fillo do Home vaise, como está escrito del; pero ¡ai daquel que entrega ó Fillo do Home! Máis lle valía non nacer.»

C. Entón Xudas, o que o ía entregar, preguntoulle:

S. —«¿Non serei eu, Mestre?»

C. Respondeulle:

+ —«Ti o dixeches.»

Isto é o meu corpo. Isto é o meu sangue

C. Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan e, dando gracias, partiuno e déullelo ós seus discípulos, dicindo:

+ —«Tomade e comed: isto é o meu corpo.»

C. E collendo unha copa, dando gracias, déullela dicindo:

+ —«Bebede todos dela. Que isto é o meu sangue, o sangue da Alianza, vertido por todos para o perdón dos pecados. E asegúrovos que desde agora non volverei beber este produto da viña, ata o día que beba convosco o viño novo no Reino do meu Pai.»

C. Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

Ferirei o pastor e dispersaranse as ovellas do rabaño

C. Entón díxolles Xesús:

+ —«Esta noite todos ides tropezar na vosa fe por causa miña, conforme está escrito: “Ferirei o pastor e dispersaranse as ovellas do rabaño.” Pero cando resucite, irei diante de vós a Galilea.»

C. Replicoulle Pedro:

S. —«Anque todos tropecen pola túa causa, eu si que non tropezarei.»

C. Respondeulle Xesús:

+ —«Pois ti ten por seguro que esta mesma noite, antes de que cante o galo, hasme negar tres veces.»

C. Díxolle Pedro:

S. —«Anque teña que morrer contigo, endexamais te negarei.»

C. E o mesmo dixeron tódolos discípulos.

Empezou a poñerse triste e a sentirse fondamente angustiado

C. Entón chegou Xesús cos seus discípulos a un terreo chamado Xetsemaní e díxolles:

+ —«Sentade aquí, mentres eu vou orar.»

C. E, levando consigo a Pedro e mais ós dous fillos do Zebedeo, empezou a poñerse triste e a sentirse fondamente angustiado. E díxolles:

+ —«Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade comigo.»

C. E avantando un pouco, caeu rostro en terra, mentres rogaba:

+ —«Meu Pai, se é posible, arreda de min este cáliz. Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti.»

C. E, volvendo onda os discípulos, atopounos durmindo. Díxolle a Pedro:

+ —«¿Non puidestes velar comigo nin tan sequera unha hora? Estade á espreita e orade, para non entrardes na tentación. O espírito está disposto, pero a carne é débil.»

C. E arredándose de novo, por segunda vez púxose a orar dicindo:

+ —«Meu Pai, se este cáliz non pode pasar sen que eu o beba, fágase a túa vontade.»

C. E, volvendo de novo, atopounos tumbados, porque lles caían os ollos co sono. Deixounos e arredouse de novo, e púxose a orar por terceira vez, repetindo as mesmas palabras. Despois volveu onda os seus discípulos e díxolles:

+ —«¿Conque aínda durmides e descansades? Pois sabede que xa chega a hora e o Fillo do Home vai ser entregado nas mans dos pecadores. ¡Veña, erguédevos e vaiámonos, que xa está aquí o que me vai entregar!»

Suxeitaron a Xesús e prendérono

C. Aínda estaba Xesús falando ós seus discípulos, cando chegou Xudas, un dos Doce, acompañado dunha troupelada de xente con espadas e paos, que mandaran os sumos sacerdotes e os senadores do pobo.

O que ía entregalo déralles este contrasinal:

S. —«A quen eu lle dea un bico, ese é; prendédeo.»

C. De seguida, achegouse a Xesús e díxolle:

S. —«¡Saúde, Mestre!»

C. E bicouno. Xesús respondeulle:

+ —«¡Amigo, o que viñeches facer!»

C. Entón adiantáronse, suxeitaron a Xesús e prendérono.

Pero un dos que estaban con Xesús, botando man á súa espada, desenvaiñouna, e feriu o criado do sumo sacerdote, rabenándolle unha orella.

Entón Xesús díxolle:

+ —«Volve a túa espada ó seu sitio, pois tódolos que levan espada, pola espada perecerán. ¿Seica pensas que non podo acudir a meu Pai? E el, agora mesmo, poñería á miña disposición máis de doce lexións de anxos. Pero, ¿como se ían entón cumpri-las Escrituras, de que así ten que suceder?»

C. E naquela hora díxolle á xente:

+ —«Saístes prenderme con espadas e paos, coma se fose un bandido. Ía a diario sentarme no templo ensinando, e non me prendestes.»

C. Todo isto aconteceu para que se cumprise o que escribiron os profetas.

Entón tódolos discípulos, abandonándoo, fuxiron.

Ides ver como o Fillo do Home senta á dereita do Todopoderoso

C. Os que prenderon a Xesús levárono á casa de Caifás, o sumo sacerdote, onde estaban reunidos os letrados e mailos senadores. Pedro seguiu de lonxe ata o patio do sumo sacerdote e, entrando, sentou cos criados para ver como acababa todo aquilo.

Os sumos sacerdotes e mailo Sanedrín teimaban por encontrar algún falso testemuño contra Xesús para o poderen condenar á

morte. Pero non o atopaban por moitas falsas testemuñas que com-
parecían. Á fin, viñeron dúas que dicían:

S. —«Este afirmou: “Podo destruí-lo templo de Deus e reconstruílo en tres días.”»

C. Entón ergueuse o sumo sacerdote e díxolle:

S. —«¿Non respondes nada? ¿Que é o que estes testemuñan con-
tra ti?»

C. Pero Xesús calaba, e o sumo sacerdote díxolle:

S. —«Conxúrote polo Deus vivo que me digas se ti e-lo Mesías,
o Fillo de Deus.»

C. Xesús contestou:

+ —«Ti o dixeches. E dígovos máis: A partir de agora ides ver
como o Fillo do Home senta á dereita do Todopoderoso e vén en-
tre as nubes do ceo.»

C. Daquela o sumo sacerdote, rachando os vestidos, exclamou:

S. —«¿Que necesidade temos de testemuñas? Vós mesmos oís-
te-la blasfemia. ¿Que vos parece?»

C. Eles responderon:

S. —«É culpable: merece a morte.»

C. Entón cuspiéronlle na cara e uns déronlle unhas trompadas;
outros zorregábanlle dicindo:

S. —«¡Cristo, ora, adiviña quen che pegou!»

Antes de que cante o galo hasme negar tres veces

C. Pedro estaba sentado fóra, no patio. Acercouse a el unha cria-
da e díxolle:

S. —«Ti tamén andabas con Xesús o Galileo.»

C. El negouno diante de todos:

S. —«Non sei de que me falas.»

C. Ó saír cara ó portalón viuño outra criada e díxolles ós que
estaban alí:

S. —«Este andaba con Xesús de Nazaret.»

C. De novo volveu el negalo con xuramento:

S. —«Non coñezo a ese home.»

C. De alí a un pouco achegáronse os presentes, dicíndolle a Pe-
dro:

S. —«Si, ti tamén es deles; descóbrete a túa mesma fala.»

C. Entón el empezou a maldicir e a xurar:

S. —«¡Que non coñezo a ese home!»

C. E coa mesma cantou o galo. Pedro, acordándose das palabras que dixera Xesús: «Antes de que cante o galo hasme negar tres veces», saíu para fóra e chorou amargamente.

Entregaron a Xesús a Pilato, o gobernador

C. Ó raia-lo día, tódolos sumos sacerdotes e mailos senadores do pobo celebraron consello contra Xesús, para condenalo á morte. Amarrárono e fóronllo entregar a Pilato, o gobernador.

Non é lícito botalas no peto das ofrendas, xa que son prezo de sangue

C. Entón Xudas, o traidor, ó ver que o condenaran, cheo de remordementos, devolvéulle-las trinta moedas de prata ós sumos sacerdotes e mais ós senadores dicindo:

S. —«Pequei entregando á morte un inocente.»

C. Eles contestaron:

S. —«¿E a nós que nos contas? Alá ti.»

C. El, guindando as moedas no templo, marchou, e foise aforcar. Os sumos sacerdotes, apañando as moedas, dixeron:

S. —«Non é lícito botalas no peto das ofrendas, xa que son prezo de sangue.»

C. Entón, despois de deliberar, compraron con elas o Agro do Oleiro, para enterrar nel os forasteiros. Por iso, aquel agro chámase aínda hoxe o «Agro do sangue». Cumpriuse así o que deixara escrito o profeta Xeremías:

«Colleron as trinta moedas de prata,
prezo co que taxaran a un home
(pois esa era a taxa que poñían os fillos de Israel),
pagando así o Agro do Oleiro,
tal como mo mandara o Señor.»

¿Es ti o rei dos xudeus?

C. Compareceu Xesús diante do gobernador, que lle preguntou:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Xesús contestou:

+ —«Ti o dis.»

C. E ós cargos que lle facían os sumos sacerdotes e mailos senadores, non respondeu nada. Entón preguntoulle Pilato:

S. —«¿Seica non oes todo o que están testemuñando contra ti?»

C. Pero non respondeu a pregunta ningunha, deixando ó gobernador moi estrañado.

Resulta que pola festa tiña o costume de ceiba-lo preso que a xente lle pedise. Tiñan daquela un preso de moita sona chamado Barrabás. Pilato dirixiuse ó pobo reunido:

S. —«¿A quen queredes que vos solte, a Barrabás ou a Xesús, chamado o Cristo?»

C. Pois el ben sabía que llo entregaran por envexa.

Mentres estaba sentado no tribunal, a súa muller mandoulle a dicir:

S. —«Deixa en paz a ese xusto, que hoxe sufrín moito en soños por cousa del.»

C. Pero os sumos sacerdotes e mailos anciáns persuadiron á xente, para que reclamasen a Barrabás e acabasen con Xesús. O gobernador insistiu:

S. —«¿A quen queredes que vos libere?»

C. Eles dixeron:

S. —«A Barrabás.»

C. Díxolles Pilato:

S. —«¿E que fago eu con Xesús, chamado o Cristo?»

C. E responderon todos:

S. —«¡Que o crucifiquen!»

C. El replicou:

S. —«Pero, ¿que mal fixo?»

C. Pero eles berraban máis forte dicindo:

S. —«¡Que o crucifiquen!»

C. Vendo Pilato que non conseguía nada, senón que, pola contra, o barullo ía a máis, tomou auga e lavou as mans diante de todos dicindo:

S. —«Alá vós, eu non son responsable deste sangue.»

C. Todo o pobo respondeu dicindo:

S. —«Pois que recaía o seu sangue sobre nós e sobre os nosos fillos.»

C. Entón soltoulles a Barrabás, e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

¡Saúde, rei dos xudeus!

C. Os soldados do gobernador levaron a Xesús ó Pretorio, e reuniron toda a compañía. Espírono, botáronlle enriba un manto escarlata; e, trenzando unha coroa de espiños, puxéronlla na cabeza, e na man dereita unha cana. Axeonllándose diante del, dicíanlle moqueándose:

S. —«¡Saúde, rei dos xudeus!»

C. Cuspíanlle e coa canivela dábanlle vergallazos na cabeza. Despois de faceren riso del, quitáronlle o manto e puxéronlle a súa roupa e quitárono para fóra para o crucificar.

Crucificaron tamén con el dous bandidos

C. Ó saíren atoparon un home de Cirene, chamado Simón; e obrigárono a leva-la cruz de Xesús.

Cando chegaron a un lugar chamado Gólgota, é dicir, lugar da Caveira, a Xesús déronlle de beber viño mesturado con fel; el probouno, pero non o quixo beber. Despois de que o crucificaron, repartiron os seus vestidos botándoos a sorteo e, estando alí sentados, vixiábano.

Enriba da súa cabeza puxeron escrito o motivo da súa condena: «Este é Xesús, o Rei dos Xudeus.»

Crucificaron tamén con el dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

Se es Fillo de Deus, baixa da cruz

C. Os que pasaban por alí insultábano, abaneando a cabeza e dicindo:

S. —«Ti que destrúe-lo templo e o reconstrúes en tres días, sálvate e ti mesmo; se es Fillo de Deus, baixa da cruz.»

C. Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, cos letrados e cos senadores, burlándose del dicíanlle:

S. —«Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo. É rei de Isarel; que baixe agora de cruz e creremos nel. Confía en Deus; pois que Deus o salve agora, se tanto lle quere, xa que dixo: “Son Fillo de Deus.”»

C. Tamén o aldraxaban os bandidos que estaban crucificados con el.

Elí, Elí, ¿lemá sabactaní?

C. Desde o mediodía, a escuridade cubriu toda aquela terra ata as tres da tarde. E ó redor desta hora, clamou Xesús e, con voz resoante, dixo:

+ —«Elí, Elí, ¿lemá sabactaní?»

C. Isto é:

+ —«Meu Deus, meu Deus, ¿por que me abandonaches?»

C. Algúns dos que estaban alí oíron e comentaban:

S. —«Ese está chamando por Elías.»

C. Inmediatamente un deles foi correndo coller unha esponxa, enchoupouna de vinagre, espetouna nunha cana, e dáballa de beber.

Pero os demais dicían:

S. —«Deixa, a ver se vén Elías salvalo.»

C. Logo Xesús, clamando outra vez con voz resoante, entregou o espírito.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa.

C. Entón o veo do Santuario rachou en dous de arriba abaixo. Tremeu a terra, as rochas fenderon, e abríronse os sepulcros. Moitos corpos dos santos que estaban mortos resucitaron. E despois que el resucitou saíron dos sepulcros, entraron na cidade santa e aparecéronselles a moitos.

O centurión e mailos que con el gardaban a Xesús, vendo o terremoto e todo o que pasaba, dixeron aterrados:

S. —«Verdadeiramente este era o Fillo de Deus.»

C. Había alí, mirando desde lonxe, moitas mulleres que seguiran a Xesús desde Galilea para servilo. Entre elas estaba María Madalena, María a nai de Santiago e mais de Xosé, e a nai dos fillos do Zebedeo.

Xosé puxo o corpo de Xesús no sepulcro novo

C. Á tardiña chegou un home rico de Arimatea, chamado Xosé, que tamén era discípulo de Xesús. Foi onda Pilato e pediulle o corpo de Xesús. Pilato mandou que llo entregasen.

Collendo o corpo envolveuno nunha saba limpa e púxoo no seu propio sepulcro novo, que tiña cavado nunha rocha; e, facendo rolar unha gran lousa na entrada do sepulcro, foise. Estaban alí María Madalena e maila outra María, sentadas fronte ó sepulcro.

Ténde-la garda, ide, e vixiádeo como mellor saibades

C. Ó outro día, pasado o día da Preparación, os sumos sacerdotes e mailos fariseos foron xuntos onda Pilato e dixéronlle:

S. —«Señor, lembramos que aquel embelequeiro, cando estaba vivo, dixo: “Resucitarei despois de tres días.” Así que manda que vixíen o sepulcro ata o terceiro día; non vaia ser que cheguen os discípulos e o rouben e que lle digan á xente: “Resucitou de entre os mortos.” E así, a derradeira impostura sería peor cá primeira.»

C. Díxolles Pilato:

S. —«Ténde-la garda, ide, e vixiádeo como mellor saibades.»

C. Eles foron e selaron a lousa, asegurando a vixilancia do sepulcro coa garda.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Paixón do noso Señor Xesús Cristo segundo Mateo 27. 11-54

¿Es ti o rei dos xudeus?

C. Naquel tempo, compareceu Xesús diante o gobernador, que lle preguntou:

S. —«¿Es ti o rei dos xudeus?»

C. Xesús contestou:

+ —«Ti o dis.»

C. E ós cargos que lle facían os sumos sacerdotes e mailos senadores, non respondeu nada. Entón preguntoulle Pilato:

S. —«¿Seica non oes todo o que están testemuñando contra ti?»

C. Pero non respondeu a pregunta ningunha, deixando ó gobernador moi estrañado.

Resulta que pola festa tiña o costume de ceiba-lo preso que a xente lle pedise. Tiñan daquela un preso de moita sona chamado Barrabás. Pilato dirixiuse ó pobo reunido:

S. —«¿A quen queredes que vos solte, a Barrabás ou a Xesús, chamado o Cristo?»

C. Pois el ben sabía que llo entregaran por envexa.

Mentres estaba sentado no tribunal, a súa muller mandoulle a dicir:

S. —«Deixa en paz a ese xusto, que hoxe sufrín moito en soños por cousa del.»

C. Pero os sumos sacerdotes e mailos anciáns persuadiron á xente, para que reclamasen a Barrabás e acabasen con Xesús. O gobernador insistiu:

S. —«¿A quen queredes que vos libere?»

C. Eles dixeron:

S. —«A Barrabás.»

C. Díxolles Pilato:

S. —«¿E que fago eu con Xesús, chamado o Cristo?»

C. E responderon todos:

S. —«¡Que o crucifiquen!»

C. El replicou:

S. —«Pero, ¿que mal fixo?»

C. Pero eles berraban máis forte dicindo:

S. —«¡Que o crucifiquen!»

C. Vendo Pilato que non conseguía nada, senón que, pola contra, o barullo ía a máis, tomou auga e lavou as mans diante de todos dicindo:

S. —«Alá vós, eu non son responsable deste sangue.»

C. Todo o pobo respondeu dicindo:

S. —«Pois que recaia o seu sangue sobre nós e sobre os nosos fillos.»

C. Entón soltoulles a Barrabás, e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

¡Saúde, rei dos xudeus!

C. Os soldados do gobernador levaron a Xesús ó Pretorio, e reuniron toda a compañía. Espírono, botáronlle enriba un manto escarlata; e, trezando unha coroa de espiños, puxéronlla na cabeza, e na man dereita unha cana. Axeonllándose diante del, dicíanlle moqueándose:

S. —«¡Saúde, rei dos xudeus!»

C. Cuspíanlle e coa canivela dábanlle vergallazos na cabeza. Despois de faceren riso del, quitáronlle o manto e puxéronlle a súa roupa e quitárono para fóra para o crucificar.

Crucificaron tamén con el dous bandidos

C. Ó saíren atoparon un home de Cirene, chamado Simón; e obrigárono a leva-la cruz de Xesús.

Cando chegaron a un lugar chamado Gólgota, é dicir, lugar da Caveira, a Xesús déronlle de beber viño mesturado con fel; el probouno, pero non o quixo beber. Despois de que o crucificaron, repartiron os seus vestidos botándoos a sorteo e, estando alí sentados, vixiábano.

Enriba da súa cabeza puxeron escrito o motivo da súa condena: «Este é Xesús, o Rei dos Xudeus.»

Crucificaron tamén con el dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

Se es Fillo de Deus, baixa da cruz

C. Os que pasaban por alí insultábano, abaneando a cabeza e dicindo:

S. —«Ti que destrúe-lo templo e o reconstrúes en tres días, sálvate e ti mesmo; se es Fillo de Deus, baixa da cruz.»

C. Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, cos letrados e cos senadores, burlándose del dicíanlle:

S. —«Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo. É rei de Isarel; que baixe agora de cruz e creremos nel. Confía en Deus; pois que Deus o salve agora, se tanto lle quere, xa que dixo: “Son Fillo de Deus.”»

C. Tamén o aldraxaban os bandidos que estaban crucificados con el.

Elí, Elí, ¿lemá sabactaní?

C. Desde o mediodía, a escuridade cubriu toda aquela terra ata as tres da tarde. E ó redor desta hora, clamou Xesús e, con voz resoante, dixo:

+ —«Elí, Elí, ¿lemá sabactaní?»

C. Isto é:

+ —«Meu Deus, meu Deus, ¿por que me abandonaches?»

Algúns dos que estaban alí oíron e comentaban:

S. —«Ese está chamando por Elías.»

C. Inmediatamente un deles foi correndo coller unha esponxa, enchoupouna de vinagre, espetouna nunha cana, e dáballa de beber.

Pero os demais dicían:

S. —«Deixa, a ver se vén Elías salvalo.»

C. Logo Xesús, clamando outra vez con voz resoante, entregou o espírito.

Todos se axeonllan, e faise unha pausa

C. Entón o veo do Santuario rachou en dous de arriba abaixo. Tremeu a terra, as rochas fenderon, e abríronse os sepulcros. Moitos corpos dos santos que estaban mortos resucitaron. E despois que el resucitou saíron dos sepulcros, entraron na cidade santa e aparecéronselles a moitos.

O centurión e mailos que con el gardaban a Xesús, vendo o terremoto e todo o que pasaba, dixeron aterrados:

S. —«Verdadeiramente este era o Fillo de Deus.»

Palabra do Señor.
